

## ANUNCIO

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 30 de decembro de 2010 adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos:

1.- Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.

2.- Expoñer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 TRLRFL teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.- Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación.

Téndose sometido os devanditos acordos a exposición pública mediante anuncio publicado no taboleiro de edictos do Concello de Salceda de Caselas, previo anuncio no BOP de Pontevedra nº 16, de 25 de xaneiro de 2011, durante o prazo de trinta días hábiles establecido ao efecto, entre os días 25 de xaneiro e 2 de marzo de 2011, de acordo co informe emitido o 3 de marzo de 2011 pola encargada do rexistro xeral do Concello, segundo o cal non foi presentada no rexistro xeral do Concello de Salceda de Caselas reclamación algunha no devandito prazo, esta Alcaldía ditou, en uso das atribucións que lle confere o artigo 21.1.a), r) e s) LRBRL, decreto o 3 de marzo de 2011 polo que resolveu

1.- Entender elevados a definitivos os devanditos acordos plenarios provisorios de establecemento da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados e a ordenanza fiscal municipal do Concello de Salceda de Caselas reguladora da mesma por non terse presentado reclamación algunha ao mesmo durante o prazo establecido ao efecto, en aplicación do artigo 17.3 TRLRFL.

2.- Dispoñer o inserimento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dos acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza fiscal, con indicación que contra os mesmos non cabe outro recurso que o contencioso administrativo, que se podrá interpoñer, a partires de tal publicación na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición (19.1 TRLRFL), e sen que entren en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación. (17.4 TRLRFL)

### **"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS.**

*En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por recollida e/ ou inmovilización de vehículos da vía pública, que se rexerá*





pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 20 e seguintes do citado texto refundido.

### **Artigo 1.- FEITO IMPOÑIBLE**

1.- Constitúe o feito imponible da taxa, a inmovilización, a retirada da vía pública e o depósito daqueles vehículos estacionados que teñan que ser retirados pola Administración municipal de acordo coa lexislación vixente, ou cando, nos supostos que se relacionan nesta ordenanza, se solicite a prestación de tales servizos a instancia de parte, e sempre que a súa realización non supoña un menoscabo dos que deban ser obxecto de prestación obrigatoria.

En concreto, atópase suxeita á taxa a prestación dos seguintes servizos:

a) A retirada e depósito daqueles vehículos estacionados que impidan a circulación, constitúan un perigo para a mesma, pertúrbena gravemente ou non poidan ser conducidos nas debidas condicións polos seus usuarios, en aplicación do artigo 25 do Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro e, no seu caso, na normativa propia que, no exercicio das súas competencias, aprrobe o concello.

b) A retirada e o depósito de vehículos a requirimento de autoridades xudiciais ou administrativas pertencentes a outras Administracións públicas, en virtude da correspondente resolución ditada ao efecto.

c) A retirada e o depósito daqueles vehículos que permanezan estacionados na vía pública en condicións que fagan presumir fundada e racionalmente o seu abandono.

d) A retirada e o depósito dos vehículos que sexa preciso retirar para a realización de obras ou calquera outro traballo ou actuación na vía pública para o que se conta coa debida autorización ou licenza administrativa.

2. Aos efectos do disposto na letra a) do apartado anterior, considerarase que un vehículo perturba gravemente a circulación cando se dea algún dos supostos que se determinan no artigo 71 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, nos artigos 91 e 94 do Regulamento Xeral de Circulación e, no seu caso, nas ordenanzas e regulamentos que, no exercicio das súas competencias, se aproben polo Concello de Salceda de Caselas.

3. Non están suxeitos á taxa a retirada e depósito daqueles vehículos que, estando debidamente estacionados sexan retirados por impedir e obstaculizar a realización dun servizo público de carácter urxente como extinción de incendios, salvamentos, e outros de natureza análoga.

### **Artigo 2.- SUXEITO PASIVO**


1. Son suxeitos pasivos da taxa, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo ou a realización da actividade.

2. En todo caso, terán a consideración de suxeitos pasivos da taxa:

a) Nos supostos de vehículos estacionados de tal forma que impidan a circulación, constitúan un perigo para a mesma, pertúrbena gravemente ou non poidan ser conducidos nas debidas condicións polos seus usuarios, ou cando se trate de vehículos abandonados, o titular dos mesmos, excepto no caso de vehículos roubados, circunstancia que deberá acreditarse mediante a achega de copia da denuncia presentada pola súa subtracción, sen prexuízo das comprobacións que se efectúen pola Policía Municipal.

b) Nos casos nos que o servizo se preste a requirimento de calquera autoridade xudicial ou administrativa, a Administración pública de quen dependan.

c) Cando o servizo se preste co obxecto de permitir a realización de obras na vía pública ou daquelas outras actuacións para as que se conte coa debida autorización administrativa, a empresa ou organismo que solicite a retirada do vehículo, salvo naqueles casos nos que a prohibición de





estacionamento fose debidamente sinalizada nos termos e no prazo establecidos polo Concello, nos que o suxeito pasivo é o titular do vehículo.

### Artigo 3.- DEVENGO

A taxa se devengará e nacerá a obrigaón de contribuír cando se inicie a prestación do servizo. En concreto:

a) No suposto da retirada de vehículos da vía pública, entenderase iniciado o servizo cando o guindastre saíra da base e con independencia de que se realice ou non o enganche (pode non realizarse o engancha no caso de que entre que se avisa o guindaste e se realiza o enganche apareza o/a condutor/a do vehículo).

b) No caso do depósito, o servizo entenderase iniciado coa entrada do vehículo nas correspondentes instalacións onde quede depositado ata a súa retirada polo suxeito pasivo.

No entanto, nos supostos nos que, transcorrendo máis dun mes desde a entrada do vehículo nas instalacións onde se procede ao seu depósito, deben practicarse liquidacións sucesivas, despois da primeira, no ano seguinte, o devengo, respecto destas últimas, terá lugar o día 1 de xaneiro de cada ano posterior ao do depósito inicial.

c) Cando se trate da inmovilización de vehículos ou do transporte complementario, o devengo producirase no momento en que se efectúen tales servizos.

### Artigo 4.- BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase en función da aplicación do seguinte cadro de tarifas:

| Epígrafe 1. Retirada de vehículos da vía pública                   | Euros                                     |
|--|---|
| Servizo en casco urbano en horario diurno e non festivo            | 88,00                                     |
| Servizo en casco urbano en horario nocturno e/ ou festivo          | 104,00                                    |
| Servizo fora do casco urbano en horario diurno e non festivo       | 88 € máis 1,18 € km dende o casco urbano  |
| Servizo fora do casco urbano en horario nocturno e/ ou día festivo | 104 € máis 1,65 € km dende o casco urbano |

| Epígrafe 2. Depósito de vehículos | Euros                                 |
|-----------------------------------|---------------------------------------|
| O primeiro mes                    | 8,26 € / día máis 5 € de gastos fixos |
| A partir do primeiro mes          | 11,56 € día máis 5€ de gastos fixos   |

| Epígrafe 3. Inmovilización de vehículos | Euros |
|---|-------|
| Por cada vehículo inmovilizado          | 47,00 |


| Epígrafe 4. Transportes complementarios | Euros |
|---|-------|
| Entre depósitos do centro urbano        | 35,00 |
| A depósitos da periferia                | 35,00 |

Enténdese por casco urbano ata Cámara Agraria, Campo de Fútbol da Gándara, Matadoiro Municipal, Casa da Música, A Lagüela, en todo caso a delimitación asinadas coa Comandancia da Garda Civil.

Nos servizos fóra do casco urbano, contarase a quilometraxe adicional dende a Praza do Concello.

Enténdense por servizo nocturno o comprendido entre as 20:01 horas e as 8:00 horas (ambas incluídas).

A anterior tarifa completarase coas cotas correspondentes ao depósito e garda dos vehículos nos termos dispostos nesta ordenanza, así como ao transporte suplementario que require o posterior traslado dos





devanditos vehículos a outros recintos que se tivesen que establecer dentro do centro urbano. Este transporte poderá efectuarse cando resulten insuficientes os locais en que foron depositados e non antes do seis horas da súa recollida.

Así mesmo, complementarase coas cotas correspondentes o traslado dos devanditos vehículos a outros recintos que tivesen que establecerse en sectores periféricos cando resulten insuficientes os locais destinados a depósitos dentro do centro urbano.

En ningún caso poderanse percibir as cotas correspondentes a máis de dous traslados suplementarios.

### **Artigo 5.- EXENCIONS**

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos Tratados Internacionais.

### **Artigo 6.- NORMAS DE XESTIÓN E PAGO**

1. Con carácter xeral, o pago da taxa deberá efectuarse, previamente á entrega do vehículo ao seu titular, nos locais da Unidade de Guindastre onde estea depositado o mesmo, ou aos axentes actuantes no caso de que o servizo non se consumou por presentarse o usuario. Para ese efecto, a liquidación que corresponda seralle facilitada, con carácter xeral polo servizo de recadación do concello, ao contribuínte no momento de presentarse a efectuar a reclamación do vehículo. A liquidación terá carácter de provisional a resultas da liquidación definitiva que se elaborará polo servizos de recadación do Concello.

En todo caso, e a tenor do establecido no artigo 71.2 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria o vehículo non será devolto ao seu titular até tanto non acredite que efectuou o pago da taxa, ou prestado garantía suficiente, sen prexuízo do dereito de recurso e da posibilidade de repercutir os gastos sobre o responsable do accidente ou da infracción que dese lugar á retirada do vehículo.

Respecto da xestión da retirada, regúlase como anexo a esta ordenanza a documentación necesaria para a xestión da retirada de vehículos.

2. Transcorrido o prazo dun mes desde que se efectuou o depósito do vehículo sen que se solicite a súa entrega, a Administración municipal procederá a practicar liquidación comprensiva das cotas devengadas en cada caso, pola inmovilización, pola retirada, polo tempo do depósito transcorrido e polos transportes complementarios que se efectuaron.

Posteriormente, e mentres permaneza en depósito o vehículo, a taxa devengada polo devandito concepto será obxecto de liquidación periódica de carácter mensual, pola cota correspondente ao mes inmediato anterior.

As liquidacións a que se refiren os parágrafos anteriores serán debidamente notificadas ao suxeito pasivo, quen deberá proceder ao abono dos seus importes nos termos e nos prazos establecidos na lexislación tributaria vixente.

Así mesmo, no momento en que se acuda ao depósito para a reclamación do vehículo, deberá procederse ao abono do importe devengado polo depósito que, no devandito momento, reste por liquidar, o que deberá ter lugar de acordo co establecido no apartado 1 deste artigo.

En ningún caso se levará a cabo a entrega do vehículo se previamente non se acredita o pago da totalidade da débeda tributaria que se houberse devengado por todos os conceptos.

3. O expresado pago non exclúe a obrigaón de abonar o importe das sancións ou multas que fosen





*procedentes por infracción das normas de circulación ou de policía urbana ou demais que procedan en cada caso.*

*4. Nos supostos nos que o suxeito pasivo sexa a empresa ou organismo autorizado para a realización de obras ou outras actuacións na vía pública, e a cuxa petición se retiraron os vehículos debidamente estacionados, estes serán entregados sen gastos ao seu titular no momento en que o solicite.*

*Nestes casos, procederase a practicar a correspondente liquidación pola retirada e o tempo de permanencia do vehículo no depósito municipal, que será notificada a devandito suxeito pasivo, debéndose abonar o seu importe nos termos e prazos establecidos na lexislación tributaria vixente.*

#### **Artigo 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS**

*En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como as sancións que ás mesmas correspondan, serán de aplicación as normas establecidas na vixente lexislación Tributaria.*

#### **DISPOSICIÓN FINAIS**

##### **Primeira.**


*A presente ordenanza surtirá efectos a partir da súa publicación no BOP permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas*

##### **Segunda.**

*A partir da súa entrada en vigor, os vehículos que fosen obxecto de retirada e depósito con anterioridade a dita data a requirimento de autoridade xudicial ou administrativa de calquera Administración pública devengarán a taxa por depósito e, no seu caso, polo transporte complementario, e será exixible a mesma nos termos dispostos nesta ordenanza.*



*Para os supostos do parágrafo anterior, entenderase, na taxa por depósito, que a entrada do vehículo nas instalacións municipais ha tido lugar no día da entrada en vigor de esta ordenanza."*

Salceda de Caselas, 3 de marzo de 2011.




Marcos David Besada Pérez.





Achégolles anuncio relativo ao acordo provisorio, adoptado en sesión plenaria celebrada o 30 de decembro de 2010, de establecemento da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados e a ordenanza fiscal municipal do Concello de Salceda de Caselas reguladora da mesma, aos efectos da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia á maior brevidade posíbel en cumprimento do establecido no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Salceda de Caselas, 4 de xaneiro de 2011.



Marcos David Besada Pérez.

**BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.**






## ANUNCIO

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 30 de decembro de 2010 adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.
- 2.- Expoñer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
- 3.- Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedán, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.
4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación.

Salceda de Caselas, 4 de xaneiro de 2011.



Marcos David Besada Pérez.





notificación mediante este anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Porén, de acordo co art. 72 do Regulamento de Poboación, así como de conformidade coas Normas para a Xestión e Revisión do Padrón Municipal de Habitantes, compre que os interesados manifesten no prazo de quince días dende a data de notificación, cal é a súa inscrición Padroal actual. De non recibir contestación nese prazo, entenderemos que están de acordo coa súa baixa por inscrición indebida.

| <u>NOME E APELIDOS</u>     | <u>ENDEREZO</u>                   |
|----------------------------|-----------------------------------|
| VLADIMIR DIMOV DIMITROV    | RÚA MIMOSAS 13, BAIXO E, PORTAL B |
| VESELINA IVANOVA GEORGIEVA | RÚA MIMOSAS 13, BAIXO E, PORTAL B |
| DANIEL VALDIMIROV DIMOV    | RÚA MIMOSAS 13, BAIXO E, PORTAL B |
| ÓSCAR GONZÁLEZ MUÑIZ       | RÚA VALLE INCLAN 12, BAIXO C      |
| VASIL DIMITROV YANKOV      | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |
| SABKA DOBREVA VASILEVA     | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |
| DIMITAR VASILEV DIMITROV   | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |
| TEODORA VASILEVA DIMITROVA | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |
| BOYAN VASILEV BOZHILOV     | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |

Ribadumia, 10 de xaneiro de 2011.—A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz.

2011000296

\* \* \*

## SALCEDA DE CASELAS

### ANUNCIO

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 30 de decembro de 2010 adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos:

1.—Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.

2.—Exponer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.—Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación.

Salceda de Caselas, 4 de xaneiro de 2011.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

2011000252





notificación mediante este anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Porén, de acordo co art. 72 do Regulamento de Poboación, así como de conformidade coas Normas para a Xestión e Revisión do Padrón Municipal de Habitantes, compre que os interesados manifesten no prazo de quince días dende a data de notificación, cal é a súa inscrición Padroal actual. De non recibir contestación nese prazo, entenderemos que están de acordo coa súa baixa por inscrición indebida.

| <u>NOME E APELIDOS</u>     | <u>ENDEREZO</u>                   |
|----------------------------|-----------------------------------|
| VLADIMIR DIMOV DIMITROV    | RÚA MIMOSAS 13, BAIXO E, PORTAL B |
| VESELINA IVANOVA GEORGIEVA | RÚA MIMOSAS 13, BAIXO E, PORTAL B |
| DANIEL VALDIMIROV DIMOV    | RÚA MIMOSAS 13, BAIXO E, PORTAL B |
| ÓSCAR GONZÁLEZ MUÑIZ       | RÚA VALLE INCLAN 12, BAIXO C      |
| VASIL DIMITROV YANKOV      | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |
| SABKA DOBREVA VASILEVA     | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |
| DIMITAR VASILEV DIMITROV   | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |
| TEODORA VASILEVA DIMITROVA | RÚA CÁPELA 2, 4ºF                 |
| BOYAN VASILEV BOZHILOV     | RÚA CAPELA 2, 4ºF                 |

Ribadumía, 10 de xaneiro de 2011.—A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz.

2011000296

\* \* \*

## SALCEDA DE CASELAS

### ANUNCIO

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 30 de decembro de 2010 adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos:

1.—Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.

2.—Exponer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.—Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación.

Salceda de Caselas, 4 de xaneiro de 2011.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

2011000252